



**COMISIÓN PRO MEMORIAL DAS VÍTIMAS
DO FRANQUISMO DE FERROLTERRA,
EUME E ORTEGAL.**

Contidos

A Modo De Introducción.	3
Comisión Pro Memorial das Vítimas do Franquismo de Ferrolterra, Eume e Ortegal.	5
1936-1976, Corenta Anos de Historia: A Grande e Continua Represión.	11
Vítimas do Franquismo en Ferrol, Eume e Ortegal. 1936-1975.	18
Homenaxe aos Asasinados Polo Franquismo en Ferrolterra Comisión Pro Memorial.	31

A MODO DE INTRODUCCIÓN

A ditadura de Franco segou a vida de mais de 900 homes e mulleres nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, cuxo único delito foi defender a legalidade republicana, a democracia e a liberdade. Os historiadores Xosé Manuel Suárez e Bernardo Máiz, tras anos de investigación elaboraron a listaxe que lanzou a terrible cifra antes apuntada. Como sociedade tiñamos por tanto unha débeda coas vítimas, por iso, coa iniciativa do noso compañeiro Vicente Couce, fraguouse entre representantes sociais, políticos, historiadores e familiares a idea de erixir un monumento de homenaxe ás vítimas que culminou en 2017 e 2020 coa presentación de senllas mocións no Concello de Ferrol. Ambas as mocións foron aprobadas cos votos do PSOE, Ferrol en Común e BNG e coa abstención do PP. A pesar do cal o monumento non se erixiu.

O desengano e a frustración reinou entre a maioría de persoas que o promoveran, de feito quedaban moi poucas, pois se foron diluíndo co tempo. Foi o 2 de xullo de 2021 cando Vicente Couce e Anxo Currás convocáronnos a unha asemblea en Caranza. Vi-

cente, imposibilitado fisicamente, pediu un relevo. Nesa asemblea fraguouse un novo equipo, e quedou claro que gañar unha moción non era suficiente, había que presentala de novo e presionar ata lograr o obxectivo. Ferrol foi unha cidade de loita contra a ditadura e partindo da premisa de que “se queriamos algo tiñamos que pelexalo”, elaboramos un calendario de actividades tendentes a **LOGRAR A CONSTRUCCIÓN** do devandito monumento.

Foron pequenas reivindicacións de transformacións sociais pero que esixiron reunións case semanais e ante as demoras e obstáculos do Concello que foron numerosos, tivemos que presionar con tenacidade, realizando concentracións, roldas de prensa, colocación de pancartas, etc., todo ata lograr o obxectivo.

O monumento está feito, a localización tamén, os trámites municipais e técnicos para a base o mesmo, só falta a inauguración. Estaremos vixiantes de que a nova corporación cumpra o mandato ao cal está obrigada. Os asasinados/as pola ditadura, méreceno.

“Moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, pode cambiar o mundo”

Eduardo Galeano

Ferrol, a 28 de abril de 2023

Comisión Pro Memorial Víctimas do franquismo en Ferrolterra:

Suso Basterrechea
López

Ton Blanco Carballo

Vicente Couce Ferreira

Sabela Díaz Regueiro

Anxo Ferreiro Currás

Bernardo Maiz
Vázquez

Xavier Montero Dongil

Iván Rivas Rico

Malay Sobrín Sueiras

Xosé M. Suárez
Martínez

COMISIÓN PRO MEMORIAL DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL.



Escultura Manuel Patinha

1. Introducción

Esta Comisión expón as razóns e os pasos dados para chegar a este día de homenaxe ás vítimas, mulleres e homes, asasina- das polo franquismo e a inacu- guración do seu monumento.

A comezos deste século naceu un movemento social que reclama a reparación, a dignidade e a me- moria das vítimas do franquismo a partires da Transición. Foran moitos anos de represión: durante a guerra incivil e a ditadura fran- quista, que supuxo a eliminación de miles e miles de vítimas. En Ga- lizia: "Outra vez, outra vez o terror! / Un día e outro día, sen campás, sen protesta. / Galicia ametralla- da nas cunetas" - escribiu Luís Pimentel-, e enriba a imposición da lousa pesada do silencio, do terror e o medo, segue escribindo Pimentel: "Chéganos outro berro./ Señor, que fixemos?/-Non fales en voz alta- Hasta cando durará iste gran enterro?/ Non chores que po- den escoitarte".

E aínda puidemos chorar de emoción ao vermos *Galicia Már-*

tir e Atila en Galicia de Castealo, que ás agachadas chegou de Bos Aires, aquelas “estampas arrincadas – di Castelaio– da miña propia dor”: *A derradeira lección do mestre, Non enterran mortos enterran semente, Quei-man, rouban e asasinan no teu nome* (denunciando a cruzada da Igrexa). E así, vítimas e máis vítimas na *longa noite de pedra*.

Despois da morte de Franco e baixo a súa sombra o medo seguía. Tivemos unha transición moi controlada polas autoridades e administración sen rotura con franquismo. Unha transición chamada modélica ao abeiro da política de que non se mencionasen os crimes e a represión da ditadura. Neste tempo, poren, movementos memorialistas comezaron a recuperar as vítimas, mais sen apoio algún por parte das autoridades, que en principio se negaron a apoiar a pescuda e a apertura das fosas das vítimas soterradas en lugares ignotos.

2. Historiadores da Memoria en arquivos e estudos de campo

Aínda as autoridades non promovían a Memoria Histórica

comezou en ambientes da Universidade e Institutos o movemento de que investigadores e historiadores que se empregaron a fondo en facer estudos de campo coa testemuña de moita xente coa viva memoria presta a rebentar a falar, e a esculca nos arquivos, moi controlados aínda e con dificultades para o acceso a eles. Isto trouxo como consecuencia o comezo de vermos con claridade as mentiras e mitos do franquismo. Esta comisión agradece o traballo do historiador Xosé Manuel Suárez Martínez quen, coa súa tese de doutoramento *Alzamiento y represión en la comarca de Ferrol (1936-1939)*, proporcionou (en 2001) a Ferrolterra e ás familias das vítimas a listaxe cos seus nomes e apelidos das vítimas, executadas, fusiladas, paseadas. Nos anos noventa era “frustrante –di Suárez– solicitar colaboracións dos xulgados e encontrarte co silencio ou negativa”. Engadiuse na confección da listaxe o historiador, Bernardo Máiz Vázquez, aportando sobre todo os datos dos duros e escuros anos da guerrilla, sendo ambos os dous membros desta Comisión A Prol do Memorial. Asemade, contaron tamén coa colaboración da Asociación Memoria

Histórica Democrática de Ferrol. Elaborouse así un memorial de 904 nomes das vítimas mortais do franquismo que non é un final, senón un comezo dunha reparación histórica.

3. Os vitimarios

Mais as vítimas tamén tiveron vitimarios que compre coñecer. A criminalidade xurdiu dos golpistas, que se levantaron contra a legalidade dun goberno democrático, co decreto redactado xa na estrutura do golpe: "La acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible al enemigo". En Ferrolterra houbo uns cómplices tan efectivos que cumpriron dabondo coa criminalidade imposta: Co título "A Sombra do Terror en Ferrolterra" presenta Eliseo Fer-

nández no xornal Nós Diario, e no libro colectivo "Os nomes do terror", desta maneira: "As novas autoridades estableceron un réxime de terror con poder absoluto sobre a vida das persoas, e despregaron unha serie de operacións de represalia dirixidas a suprimir a disidencia, coa utilización combinada de asasinos, encarceramentos, malleiras, humillacións, violencia sexual e outras formas represivas". Aos nomes dos asasinos dos escadróns da morte de falanxistas e garda civís habería que engadir os dos oficiais da armada e do exército que, sen disparar directamente, facilitaron as execucións no Arsenal e en San Felipe en sentenzas dos consellos de guerra que retorcián o Dereito ou na aplicación arbitraria dos bandos militares.



4. Congresos da Memoria, Verdade, Xustiza e Reparación

En España celebráronse congresos con estudos históricos exhaustivos da criminalidade franquista coas testemuñas de familiares das vítimas que racharon o esquecemento e as mentiras de tanta barbarie. “El I Congreso en Vaciamadrid en el año 2012”; chamáronlle o “I” cando xa se celebraran na Galiza o **Iº CONGRESO DA MEMORIA en Narón, A REPRESENTACIÓN FRANQUISTA EN GALICIA** en decembro de 2003, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática; e o II en Culleredo, en decembro de 2005. A estas actas tense acceso dixital en PDF. Asemade, nos **CONCELLOS FERROLTERRA-EUME-ORTEGAL** celebraron simposiums, seminarios, ciclos, mesas redondas, documentais... Foi un comezo para reparar tantas vidas segadas, tantas familias exterminadas, tantas bágoas vertidas neste noso pobo. Fíxose **MEMORIA**, buscouse a **VERDADE**, pediuse **XUSTIZA** e **REPARACIÓN**.

5. Comisión A Prol do Memorial do Monumento ás vítimas do franquismo en Ferrolterra

No proceso que se ten feito en Ferrolterra en honor das vítimas

houbo diversos actos, en San Felipe dende 2000, tamén en Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Ponte-deume... Foi importante en Ferrol e Mugar dos os actos do Ano da Memoria (2006), coa arribada do Barco da Memoria, instalando placas con listaxes das vítimas mortais en San Felipe, Canido e Serantes. Empuxáronnos os monumentos que se foron erguendo por todo o Estado, sobre todo o de A Coruña a carón da Torre de Hércules en 2010. Celebráronse posteriormente asembleas populares para presentar ao Concello de Ferrol o proxecto do levantamento e lugar do monumento, que foi aprobado en plenos da corporación en 2017 e de 2020 para a súa construción en Canido, deixando o Castelo de San Felipe como aula de interpretación da Memoria Histórica. Se a demora da Administración Municipal provocou un retraso inxustificado que non ten desculpa, a constancia de persoas á chamada insistente de Vicente Couce Ferreira non desistía. O día 1 de xuño de 2021, 23 persoas, máis dez que escusaron a asistencia, comprometéidas coa dignificación e reparación das vítimas do franquismo de Ferrolterra, celebraron unha asemblea no local de Galicia de

Caranza, presidida por Vicente Couce, de quen facemos memoria xa que non vai ver a inauguración que el ansiaba, aquel día expón a causa da chamada a esta asemblea diante da desidia do Concello de non dar os pasos para cumprir os acordos aprobados en dous plenos da construción do Monumento ás vítimas do franquismo en Candeán. A comisión foi formada por: Antón Blanco Carballo, Anxo Ferreiro Currás, Bernardo Máiz Vázquez, Iván Rivas, M^a Mar Sobrín Sueiras, Javier Montero Dongil, Sabela Díaz Regueiro, Suso Basterrechea, Vicente Couce Ferreira, Xosé Manuel Suárez.



6. Acto de homenaxe ás vítimas do franquismo, 18 de xullo de 2021

- Este acto foi o primeiro que esta Comisión organizou co obxectivo de chegar a construción do monumento. Foi o acto de homenaxe ás vítimas máis senlleiro e emocionante que se lles ofreceu en Ferrol. O domingo, 18 de xullo de 2021, ás 12 horas, diante do Concello de Ferrol, na Praza de Armas, estaba convocado o pobo máis dun cento de persoas. Cada lector ou lectora leu os cincuenta nomes nun silencio clamoroso do público que ao final de cada quenda de lectura prorrompía nun frenético aplauso. Ese mesmo aplauso cortaba a lectura cando a cita era dun nome moi coñecido. Non esquecemos tampou-

co as bagoas emotivas dalgunha persoa presente. Esta comisión tense reafirmado seguir con firmeza, e como animador, Ton Blanco, responsábel de convocar as reunións, organizar as roldas de prensa. Os medios de comunicación sempre estiveron prestos con interese para ter informado o pobo deste proxecto. Non podemos acougar mentres non vexamos levantado o monumento en Ferrol ás vítimas do franquismo de Ferrolterra.

- Colocación co permiso da alcaldía no balcón principal do Concello do cartaz cos nomes das vítimas, como conclusión ao acto na praza do Concello do 18 anterior. Ás poucas horas foi retirada e reposta despois permanecendo exposta varios meses.

7. Creación da Mesa de Memoria Histórica no Concello

Despois da presentación da Moción no Pleno o 29 de xullo promovida por Ferrol en Común e BNG, o Concello decide responder ás reclamacións da Comisión Promemorial. Presidida pola concelleira Eva Martínez Montero, créase a Mesa de Memoria Histórica, formada por un membro de cada partido re-

presentado no Concello, a Asociación Memoria Histórica Democrática, e con representantes desta Comisión A Prol do Memorial. Elixen o proxecto artístico escultórico de Manuel Patinha.

Ante os continuos desleixos do Concello na tramitación do Monumento, dende a nosa Comisión non deixamos de reclamar a execución do mesmo.

Nestes tempos apróbase no Congreso a Lei20/2022 de 19 de outubro, Memoria Democrática, na que o franquismo queda ilegalizado, condena os golpistas, a guerra civil entre irmáns, todos os crimes e a represión da ditadura franquista.

Todo o interese desta Comisión A prol do Memorial, extensivo de toda a xente de boa vontade de Ferrolterra, Eume e Ortegal, é a honra e homenaxe das vítimas e das súas familias, cuxa voz ha de estar tamén presente nesta homenaxe. Non se trata de activar as feridas entre irmáns, senón de sandar. Sabemos que as vidas segadas non hai quen as pague; mais o que queremos é: **NUNCA MÁIS UN GOLPE DE ESTADO, GUERRA CIVIL, DITADURA E REPRESIÓN!**

1936-1976, CORENTA ANOS DE HISTORIA: A GRANDE E CONTINUA REPRESIÓN.

O premio Nobel de literatura José Saramago dixo que “hai un dito tan común como falso: o pasado, pasado está. Pero o pasado non pasa nunca, se hai algo que non pasa é o pasado, ..., somos memoria de nós mesmos e dos demais (...), somos a memoria que temos”. Os historiadores tamén citamos a Gerald W. Johnson para resaltar a transcendencia do coñecemento do pasado: “Nada cambia máis constantemente que o pasado; porque o pasado que inflúe nas nosas vidas non consiste no que realmente sucedeu, senón no que os homes cren que sucedeu”.

Na dialéctica **MEMORIA e HISTORIA (MH)**, a primeira é emotiva, persoal, subxectiva, a segunda, científica, intelectual, quere ser obxectiva, pero é unha narración, unha interpretación explicativa do pasado suxeita a erros e debates, tamén a acertos. O movemento de MH nace da unión dos traballos dos historiadores e da vontade dos familiares de recibir reparación moral e en moitos casos de recuperar os restos dos seus parentes repres-

liados. Inda hoxe nos piden, xa os netos, información sobre as circunstancias nas que foron asasinados ou fusilados, reclaman ver os sumarios dos consellos de guerra, e visitar os lugares onde foron soterrados.

RECUPERAR OS NOMES DAS VÍTIMAS

é importante, porque significa recuperar identidades da fosa do esquecemento e da banalización que xustifica a violencia homicida, o xenocidio, como causada nun contexto de guerra, de enfrontamento militar e de guerra sucia. Recuperar un só nome é recuperar unha historia persoal, a memoria de alguén, recuperar 904 nomes e construír un relato histórico dunha época e dunha comarca.

O Pleno municipal de Ferrol aprobou o 29 de setembro do 2017, sen ningún voto en contra, a construción dun **MEMORIAL** que recollera a lista nominal de vítimas mortais do franquismo nos territorios de Ferrolterra, Eume e Ortegal, tomando como centro de referencia Ferrol, como lugar onde a represión mortal

foi cuantitativamente máis elevada, como localización para erguer un monumento digno desa lembranza. Esta moción foi sometida en dúas ocasións plenarios máis a votación, obtendo semellante grao de aprobación que a primeira vez.

A elaboración da nómina de vítimas que se nos encargou deu como resultado unha fiable base con nomes, datas, lugares, causa da morte... como produto do investigado, contrastado na análise dos sumarios dos consellos de guerra e na esculca en rexistros civís e parroquiais entre Eume e Ortegal. Nese traballo de investigación histórica en equipo demostrouse que o número de vítimas de fusilamentos e de "paseos" entre 1936 e 1939 superou con moito as setecentas, pero a represión mortal continuou durante toda a Ditadura e ata a morte do ditador, de xeito que a cifra total de persoas asasinadas ata 1975, das que a listaxe recolle só os casos contrastados en fontes documentais, supera as novecentas. Contamos coa colaboración de compañeiros investigadores da A. C. Memoria Histórica Democrática, coa axuda de funcionarios dos rexistros civís e xulgados e tamén de persoas con memo-

ria.

Salientan por número de vítimas dúas etapas no proceso represivo na comarca: a da Guerra Civil e a inmediata posguerra, que causa 818 vítimas na nosa comarca ata 1945, e a da posguerra da 2ª Guerra Mundial (de 1946 a 1954), que foi a etapa da maior intensidade da resistencia da guerrilla antifranquista con máis de 80 persoas falecidas por mor, a maior parte delas, de accións violentas das forzas armadas do réxime.

A relación de vítimas comeza cronoloxicamente coas persoas caídas por disparos entre o 20 e o 25 de xullo de 1936 e remata nos derradeiros anos do franquismo, cando a violencia policial reprime o movemento obreiro e sindical en Ferrol, en 1972 o 10 de marzo (Amador Rey e Daniel Niebla, morte por disparos) e o 12 de agosto de 1975 co asasinato de Xosé Ramón Reboiras Noia.

Polo procedemento represivo, dividimos as execucións desde xullo de 1936 en dous grandes grupos, aos que sumar as mortes en enfrontamento armado:

1. Por sentenzas de consellos de guerra que condenaban a morte por rebelión militar, auxilio ou adhesión á rebelión, traizón, sedición e outros delitos dos códigos militares; os executados deste grupo pasan dos trescentos casos.

2. Por execucións irregulares, sen xuízo previo, afectando a máis de cincocentos represaliados; en aplicación do disposto nos bandos que declaran o estado de Guerra en 1936, como foron os casos das dotacións de mercantes republicanos capturados na costa norte, ou xustificandoos paseos de dirixentes e militantes do republicanismo e da esquerda por supostos intentos de fuga -sobre todo en 1936-, ou na represión do movemento guerrilleiro desde o final da guerra.

En canto á localización da represión, os lugares de execución ou de paseo máis utilizados foron: os cemiterios de Canido (máis de trescentos vítimas soterradas até 1945) e o de Serantes, o Arsenal Militar e o castelo de San Felipe. En Narón, o lugar escollido para fusilamentos de grupos foi o cemiterio do Val. Noutros concellos destacaríamos neste eido trágico de paseos/execucións

irregulares Pontedeume, Marín, Mugardos, A Capela...

Pasado case medio século da morte de Francisco Franco Bahamonde, certas pantasma e máis esquecementos sobre o franquismo seguen a reloucar tanto entre as xeneracións que naceron e viviron nel como entre as máis novas, a miúdo ignorantes de que en xullo 1936 houbo unha sublevación militar-fascista contra o lexítimo goberno da IIª República, comezo de unha guerra de tres anos e de catro décadas de goberno ditatorial de Francisco Franco, un longo período no que as liberdades cívicas non existían e si os medos, un tempo no que hoxe é normal era delito perseguido con cárcere e morte.

O "**Alzamiento**" militar, iniciado o 17 de xullo de 1936 en Melilla e Ceuta e que provocou unha terrible guerra de tres anos, non comezou en Galiza ata o día 20. Declarando os militares o Estado de Guerra (ilegalmente, pois era competencia exclusiva do presidente da República), ese día os alzados tomaron a cidade da Coruña, capital militar de Galiza, Pontevedra, Marín, Lugo, Monforte... O 22 rematou a resis-

tencia en Vigo, Betanzos e Ferrol, o 23 en Ribadeo e Pontedeume, o 24 en Mugar dos... Comezando agosto, o territorio galego estaba as mans dos sublevados. Do día 20 ao día 25 de xullo no territorio de Ferrolterra, Eume e Ortegál morreron por disparos corenta e unha persoas, e comezaba unha secuencia cotiá de asasinatos irregulares e de execucións, estas aplicando ilegalmente a lexislación militar.

De 1936 a 1939 non houbo en Galiza fronte de guerra. Por tanto, a represión mortal nesta retagarda foi exercida exclusivamente para efectuar unha limpeza radical de elementos "rojo-separatistas", "eliminar las cabezas", todas as cabezas posibles, silenciar ata o último líder sindical, o último concelleiro da Fronte Popular, a última muller que se sentira libre, a quen medraran e gozaran das liberdades republicanas. Esa violencia derivou en violencia duradeira, non só na longa posguerra senón que, amornada e travestida, dilatouse todo o que o franquismo durou, pois "La violencia franquista formaba parte consubstancial de su programa y derivaba de su propia naturaleza" (Josep Fontana).

O 28 de xullo de 1936 a xunta de xenerais sublevados manifestou que asumía "todos los poderes del Estado la justicia armada". Tristemente, rematada a guerra en abril de 1939, non rematou a represión, non houbo piedade para os vencidos. Lexislativamente, restaurados en todo o seu vigor os códigos militares, destacan a lei de "Responsabilidades Políticas" de 1939, a de "Represión de la masonería y el comunismo" de 1940, a de "Seguridad del Estado" de 1941, a de "Rebelión Militar" de 1943, a reforma do "Código de Justicia Militar" en 1944, a de "represión de los delitos de bandidaje y terrorismo" de 1947 (reformulada en 1960), a creación do Tribunal de Orden Público en 1963...

Outra represión foi a que Castela chamou "castigo menor", a carceraria, a lingüística, a coacción sobre a muller, a coacción católica, as sancións económicas, as depuracións profesionais, os batallóns de castigo, os destellos, o exilio, os silencios. Lembremos as malleiras, as humillacións, as "pelachas", o aceite de ricino, as queimas de libros, as colectas obrigatorias, os traballos forzados, a corrupción,

a chulería e abusos de falanxistas, militares, policía e gardas.

Porén, contra Franco houbo resistencia. Triunfante o franquismo en 1939, os fuxidos galegos do verán de 1936 deberon dar en guerrilleiros, mantendo ata 1954 un irto e duro combate, se primeiro espontáneo e de supervivencia, de 1946 en diante **EXÉRCITO GUERRILLEIRO DE GALICIA** con varias bases en Ferrolterra-Eume-Ortegal e un gran apoio popular. En 1948 a "Dirección General de la Guardia Civil" recoñecía que Galiza "es la primera zona guerrillera de España".

Coa morte en enfrontamento armado de Francisco Martínez Leira "Pancho" en Ombre (Pontedeume) o 31 de decembro de 1954, rematou a guerrilla, un fenómeno armado e propagandístico que de 1936 aos primeiros anos cincuenta foi en Galiza a única oposición democrática ao franquismo, cun elevado custo en vidas pola defensa da democracia e a liberdade.

Os historiadores calculamos que de 1936 a 1976 foron asasinadas en Galiza máis de 6.000 persoas, todas por defender

a liberdade, a igualdade e a solidariedade; en termos absolutos e porcentuais Ferrolterra-Eume-Ortegal foi o territorio galego que máis sufriu. Como deixamos sinalado, o número de demócratas que irregularmente ("paseo", malleira) ou por sentenza dun consello de guerra (fusilamento, agarrotamento), perderon a vida a man armada nos corenta anos de franquismo supera as 900, a maioría entre o 1936 e 1939, cento vinte e tres entre o 1939 e 1954, dúas máis en 1972, outra en 1975. Unha cifra que pode medrar, pois nas memorias reloucan episodios e nomes.

A responsabilidade dese terrible ronsel de violencia que estenderon friamente catro décadas, acádelle exclusivamente a quen se alzaron en 1936 contra a orde constitucional e se mantiveron no poder catro décadas exercendo un poder autocrático e sempre ilexítimo, pois, nacido dun golpe de estado e dunha guerra, o réxime franquista nunca se someteu a ningún control democrático.

A **represión** afectou a tódolos sectores sociais, pero fíxoo en maior proporción sobre os asalariados, en función e en pro-

porción coa estrutura produtiva da comarca: obreiros da construción naval, traballadores do mar e de terra, pero tamén militares, sobre todo da Armada, na súa maior parte das clases de orixe popular: mariñeiros e fogueiros, cabos e suboficiais, por esta orde. Traballadores do naval e militares aportaron máis da metade do total de executados, pero tamén houbo vítimas entre os sectores de funcionarios da administración, mestres, médicos, avogados, do comercio, labregos... Se o perfil profesional dos represaliados amosaba un amplo abano social,

no que achamos individuos de estamentos de clase media e de clases populares, cargos públicos e sindicalistas, significa que a represión foi global, afectou a toda a sociedade, como consecuencia dunha loita de clases que se manifesta claramente tanto na guerra como na posguerra: por un lado propietarios dos medios de produción e a igrexa católica, aliadas con oficiais e xefes do Exército e da Armada, e por outro as clases populares xunto a representantes de clases medias, unidos na creación dun réxime político democrático, a IIª República.

Os historiadores temos a obriga cívica de transmitir ás novas xeracións que as liberdades democráticas viñeron con moita dor. Por tal razón ética, entendemos necesaria a salvagarda, o coñecemento, a difusión da historia de quen loitaron e sufriron por esas liberdades.

Este memorial, esta acción cívica, esta proxección práctica do deber de memoria, dará a coñecer a verdade, servirá para camiñar na reparación da memoria das vítimas, para construír un futuro máis libre e fomentar a tolerancia, pois só así chegará a verdadeira concordia.

ANO	Nº VÍTIMAS MORTAIS EN FERROL-EUME-ORTEGAL	ETAPAS
1936	578	SUBLEVACIÓN MILITAR E GUERRA CIVIL
1937	119	
1938	52	
1939	27	
		776
1940	20	2ª GUERRA MUNDIAL
1941	7	
1942	12	
1943	1	
1944	1	
1945	1	
1946	4	
		42
1947	13	RESISTENCIA ARMADA ANTI-FRANQUISTA
1948	19	
1949	27	
1950	5	
1951	11	
1954	2	
1972	2	
		81
1975	1	3
Data non concreta	2	2
1936-1975	904	904

Elaboración propia dos autores:

Bernardo Máiz Vázquez.

Xosé Manuel Suárez Martínez.

VÍTIMAS DO FRANQUISMO EN FERROL, EUME E ORTEGAL. 1936-1975.

1936:

Abeal López, Víctor M.
Abeijón Bouza, Constantino
Abeledo Casteleiro, Ovidio
Abella Fuentes, Ramón
Abella Castro, María
Abrodes Rey, Alfonso
Abrodes Vidal, Pedro
Acuña Íñiguez, Gonzalo
Agras Fernández, Ramón
Agras Gómez, José
Agras Pedreiro, José
Alfonsín Millán, Ramón
Allegue Regueiro, Manuel
Almazán Ramos, Pedro
Alonso Piñón, Francisco C.
Alonso Teijeiro, Enrique
Álvarez Carrera, Gabino
Álvarez Doval, Julio
Álvarez Pardo, Rodrigo
Álvarez Porto, Manuel
Amado Lago, Enrique
Ambrós Gordillo, José
Ameneiro Brage, Antonio
Ameneiros Rodríguez, José
Anasagasti Arruabarrena, Ignacio
Anca Vila, José
Aneiros Loureiro, Rufino
Aneiros Teijeiro, Salvador
Angustia Álvarez, Eduardo
Anido Pérez, Francisco
Antón Rodeiro, Joaquín
Ardao Iglesias, Manuel
Areal Rodríguez, M. Victoria
Ares Abelleira, José
Ares Díaz, Andrés
Argüeso Pardo, Manuel
Arruabarrena Albonigamenor,
Francisco
Azarola Gresillón, Antonio
Balsa Iglesias, José Senén
Baltasar López, Genaro
Bañobre Ares, Daniel
Barañano Castaños, Esteban
Policarpo
Bárcena Montero, Francisco
Barcia Rodríguez, Eduardo
Barcón Cánovas, Francisco
Barge Leonardo, Luis
Barro Loureda, Valentín
Barro Souto, Consuelo
Barroso Martínez, Alfonso
Basoa Díaz, Juan
Beascoecha Rebollar, Pablo
Bedia Méndez, Eugenio
Bellafont Ginart, Francisco
Bello Mosquera, Manuel
Benito Aneiros, Nicolás
Berenguer Galiart, Antonio
Bergondo Canle, Fernando
Bermejo Nicolás, Francisco
Bermúdez Bouza, Víctor
Berruecos Rojas, Félix
Besteiro Luaces, Manuel
Betanzos Pérez, Valentín
Blanco Fernández, Cesáreo

Blanco Fernández, Ignacio
Blanco García, Óscar
Blanco Ibáñez, Jesús
Bosch, Jaime
Bouza Pereira, Jesús
Bouzamayor García, Andrés
Bouzamayor Gato, Joaquín
Bouzón Teijeiro, Adolfo
Brage Porta, Antonio
Breijo Lorenzo, Manuel
Bueno Pérez, José
Bugueiro Otero, Manuel
Buhigas Novo, Manuel
Cabadas Candal, Francisco
Caballer Solana, Arturo
Caicoya Sánchez, Bernabé
Calvo Arribas, Manuel
Calvo Bellón, Joaquín
Calvo Fernández, Antonio
Calvo Rico, Vicente
Canalejas Humanes, Gregorio
Caneiro Torres, Amador
Canosa Caruncho, Cipriano
Canosa Lozano, Antonio
Carballo Rodríguez, Fernando
Caridad Pita, Rogelio
Carrascosa Grimaldos, José
Carrillo Aparicio, Juan
Carrillo Velillo, Cristóbal
Carrodegua Castro, Juan
Carrodegua Castro, Ramiro
Isidro
Cartelle Sánchez, Antonio
Caruncho Bergantiños, Enrique
Caruncho Méndez, Carlos
Casais García, José
Casal Casas, José

Casal Vila, Eugenio
Casteleiro Fontán, Avelino
Castellano Padilla, Antonio
Castillo Domínguez, Antonio
Castillo Machazo, Fernando
Castro Lendoiro, Manuel
Castro Sanjurjo, Manuel
Catalá Jaso, Julio
Cedrón Gómez, Guillermo
Cela López, Santiago
Cela Ramírez, Francisco
Celaya Aguirre, Santiago
Cendán Rodríguez, Alfonso
Cernadas Pérez, Jesús
Cervera Pérez, Salvador-Liberto
Ces Queiro, Valentín
Chao Lamela, Vicente
Chorro Muñoz, José
Clavero De La Iglesia, David
Clavero De La Iglesia, Rafael
Conchado Gómez, Ceferino
Cores Fernández, Andrés
Corral Vidal, Domingo
Corral Vidal, Enrique
Costa Romero, Juan
Couce Fraguera, Vicente
Couselo Casás, Constante
Crespo Sueiras, José
Cristobo Saavedra, Antonio
Cruz Mouriz, Gabriel
Cuadrado Sancha, Fernando
Cumbrera González, Juan
De Benito Elzaui, Fernando
De Cal Fernández, Guillermo
De La Pascua Galiano, Fernando
De Pazos Fernández, Manuel
Del Río Martínez, José

Deza Romalde, Antonio
Díaz Díaz, Román
Díaz García, Bernardino
Díaz García, Manuel
Díaz Mascaró, Andrés
Díaz Meijido, José
Díaz Pérez, Jesús
Díaz Quelle, Francisco
Díaz Rascado, Jesús
Díaz Rascado, Manuel
Díaz Rosado, Leonardo
Díaz Vales, Guillermo
Díaz-Alejo Serrano, Fidel
Dios Vidal, Faustino
Dobarro Cao, Carlos
Domínguez Cubero, Ceferino
Domínguez Cubero, Luciano
Domínguez Rodríguez, José
Dopazo Calviño, Eugenio
Dopico Gutiérrez, Albino
Dopico Otero, Andrés
Durán Fraguera, J. Cipriano
Echevarría Pérez, Ricardo
Eiroa Mosquera, Luciano
Espiñeira Blanco, Tomás
Espiñeira Sixto, Constantino
Espiñeira Vilariño, Diego
Estévez Rodríguez, Eulogio
Expósito Bellas, Santiago
Fabregat Bort, Juan
Fajardo Aneiros, Higinio
Faramiñán Conde, Eusebio
Feal Díaz, Joaquín
Fernández Ares, José
Fernández Arias, Manuel
Fernández Barral, José R.
Fernández Calvo, José María

Fernández Díaz, Juan
Fernández Fernández, Ramón
Fernández Freijeiro, Manuel
Fernández Maceiras, J. Antonio
Fernández Mourente, Antonio
Fernández Penedo, Antonio
Fernández Rodríguez, Ginés
Fernández Sánchez, Julio
Fernández Sande, José
Fernández Sanmartín, Manuel
Fernández Santiago, José
Fernández Santos, Miguel
Fernández Suárez, José Vicente
Fernández Teijeiro, Vicente
Fernández Valdés, Cristino
Ferreiro López, José
Ferreiro Rodríguez, Juana
Figueras Braña, Manuel
Folch, Bautista
Fondevila Martínez, Ramón
Forneiro Barandela, Isaac
Fornés Chust, Ricardo
Franco Bermúdez, Manuel
Franco Bouza, Marcelina
Franco Martínez, Antonio
Freire Pita, José
Freire, Josefa
Froufé Espinazo, Hipólito J.
Fuentes Sixto, Antonio
Fuentes Vázquez, José Marcial
Fuentes Velón, Tomás
Gallego Durán, Antonio
Gallego Durán, Manuel
Gallego Fernández, Manuel
Gámez Criado, Enrique
Gancedo Sanciprián, Saturnino
García Blanco, Luis

García Eiroa, Santiago
García García, José Antonio
García García, Manuel
García Grande, José
García Landeira, Cándido
García Marcos, Andrés
García Niebla, Juan
García Toribio, Ángel
García Varela, Jesús
Garrote Rodríguez, Andrea
Golpe Leal, Juan
Gómez Arias, Baldomero
Gómez Díaz, José
Gómez Fernández, Manuel
Gómez López, Edelmiro
Gómez Lucas, Manuel
Gómez Mera, Josefa
Gondra Zigorraga, Santiago
González Díaz, Manuel
González Francés, Silvestre
González Gato, Ángel
González Giménez, Estanislao
González Gudín, J. Salvador
González Gutiérrez, Manuel
González López, Maximino
González Pereira, Sebastian
González Pérez, Antonio
González Rego, Fernando
González Rodríguez, Arturo
González Romay, José
González Santurio, Manuel
Grandal Velo, Isidro
Gregorio Igelmo, Leandro
Guerreiro Guerreiro, Francisco
Guerrero Jiménez, José
Guillén Rey, María
Guimarey Filgueira, Pedro

Guimarey Plaza, Secundino
Gutierrez Gómez, Luis
Herba Pena, José María
Hermida Cebreiro, José
Hermida González, Felipe
Hermida Rivas, José
Hermo Miranda, Ramón
Herrero Rapa, Manuel
Ibinarraga Lopategui, Juan
Iglesias Fernández, Emilio
Iglesias Freire, Antonio
Iglesias Garrote, Andrés
Iglesias Tenreiro, Secundino
Iglesias Vázquez, Benigno
Iturralde Cabeza De
Vaca, Francisco
Izaguirre Lijarregui, Manuel
Jiménez Basanta, Mérida
Lago Beceiro, José
Lamigueiro Fragueta, José
Lázaro Liso, Alfonso
Leira Piñeiro, José F.
Lijo Pérez, Juan
Linaza Anido, José
Liñeiro Traba, José
López Albedro, Evaristo
López Amor, Pedro
López Aneiros, José
López Aneiros, Juan
López Ardao, Baltasar
López Blanco, Manuel
López Bodelón, Apolinar
López Bouza, José
López Camazón, Teodoro
López Campos, Juan
López Chas, Francisco
López Fernández, Benigno

López Fernández, Bernardino
José
López Fidalgo, Francisco
López Fidalgo, Nicasio
López Filgueira, Cipriano
López Gende, Manuel
López Lago, José
López Leira, José
López López, Amparo
López López, Antonio Manuel
López López, José
López López, Manuel
López López, Manuel
López Lorenzo, Juan
López Lourido, José
López Rico, Manuel
López Rodríguez, Gonzalo
López Rodríguez, Manuel
López Saavedra, José
López Saavedra, Manuel
López Veiga, Avelino
López Victorero, Mario
López Vizoso, Juan Antonio
Lorenzo Fariña, Manuel
Loroño Echandia, Ángel
Losada Martínez, Jesús
Lourido Arriví, Jesús
Maceiras Cela, Adriano
Madariaga Macuadra, Maximo
Mallorga, Esteban
Manso Camiño, José
Mantecón Martínez, Valentín
Marcos Silvar, J. Antonio
Marcos Silvar, Pedro
Márquez Joy, Pascual
Martín Martín, Segundo
Martínez Fernández, Nicanor

Martínez Fonte, José M^a
Martínez García, Luis
Martínez Hermida, Luis
Martínez Inclán, Manuel
Martínez López, Florencio
Martínez Novo, Leonardo
Martínez Pardo, Armando
Martínez Pedreira, Ricardo
Martínez Porto, José
Martínez Ruiz, Amador
Martínez Teijeiro, Enrique
Mateo Marcelle, Bartolomé
Mato García, José
Mayobre Calderón, Carlos
Medal Núñez, Leonardo
Medín Pardo, José
Meizoso Núñez, Eugenio
Méndez Ardá, Antonio
Méndez Fernández, Nicolás
Méndez García, Ángel
Méndez González, Vidal Justo
Mendiguchía Real, Miguel
Miguel Soler, José
Míguez Cascos, Andrés
Miján Expósito, Tomás
Miño Castiñeira, Francisco
Miranda Santomás, Alfonso
Miró Melón, Juan
Monteagudo Carro, Ángel
Montero Corbeira, Manuel
Montouto Bastida, Concepción
Montouto Rodríguez, Manuel
Morado Monteagudo, Juan
Moreira González, Baldomero
Morgado Glez. Del Valle, Manuel
Morote Chapa, Luis
Morris Soriano, Carlos

Mosquera Ogando, Manuel
Mosquera Vázquez, Dolores
Moure Cigarrán, José M.
Mourente Bastida, Fernando
Mourente Romero, Avelino
Mouriño González, Dionisio
Mugica Mendieta, Antero
Multa Fernández, Manuel
Muñiz Casal, Manuel
Muñiz García, Manuel
Navarro Barcelona, Andrés
Navarro Díaz, José
Navarro Mogollón, Vicente
Nidáguila Fernández, Milagros
Noche Pérez, Nicolás
Nogueira Vieites, Evaristo
Noguerol Buján, Arturo
Novás Soto, José
Novo Lozano, Francisco
Oliveira Durán, Alfredo
Orosa Otero, Jesús
Ortega Ballabrica, Francisco
Otero Cartelle, Antonio
Otero Pérez, José
Otero Veiga, María
Pampín García, Marcelino
Pantín Tenreiro, Gonzalo
Pardal Pouso, Francisco
Pardo Otero, Emilio
Parga Mendez, Eulogio
Parrilla Ares, Avelino
Patiño Salgado, Ramiro
Paz Abrodes, Vicente
Pena Eirís, Jesús
Pena Fonte, Rodrigo
Pereira López, Arturo
Pereira López, Juan

Pereira Real, Feliciano
Pereiro Maceiras, Juan
Pérez Blanco, Venancio
Pérez Breijo, Avelino
Pérez Cisneros, José
Pérez Martín, Joaquín
Pérez Piñeiro, Ricardo
Pérez Vázquez, Ángel
Pérez Vázquez, Germán
Francisco
Pérez Verdura, Manuel
Permuy Díaz, José
Permuy Rodríguez, Enrique
Permuy Rodríguez, José
Pernas Fernández, Juan
Picallo Rodríguez, Gerardo
Pico González, Juan
Piñeiro Casal, Antonio
Piñeiro Durán, M. Cristina
Piñeiro Santamaría, Eugenio
Piñera Piñera, Máximo
Piñón Almazán, Antonio
Pita Armada, Antonio
Pita Armada, Luis
Pita Armada, M. Francisco
Pita Blanco, Alejandro
Pita Loureiro, Francisco
Pita Loureiro, Manuel
Pita Parapar, Marcelino
Pita Pita, José
Porta Lamas, Manuel
Portas Beltrán, Castor
Porto Tacón, Juan
Prado Allegue, Manuel
Preciado Rodríguez, Luis
Prieto Balsa, Juan
Prieto Martínez, Valeriano

Quintanilla Martínez, Jaime
Quintás Ramos, Eligio
Quiza Picos, Jesús
Raja Coronado, Alfonso
Ramonde Gregorio, Ángel
Ramos Fernández, Manuel
Ramos Ferreiro, José
Ramos Ferreiro, Manuel
Ramos Lorenzo, José
Rascado Souto, Victorino
Real Pérez, Manuel
Redondo Senra, Rufino
Rego, Manuel
Requeijo Baliño, Victoriano
Rey Iglesias, Juan
Rey Mauriz, Marcelino
Rey Panceira, Miguel
Rey Pallarés, José
Rey Pena, Juan De La Velená
Rey Pérez, Jesús
Rey Suárez, Ramón
Rial Rivas, José
Riande Castro, Antonio
Rico Cobas, Mario
Rico Couceiro, Pablo
Rico Torrente, José
Riola Martínez, José
Ríos Rodríguez, José
Ríos Sordo, Ramón
Rivas Piñeiro, Manuel
Rodeiro Rodríguez, Santiago
Rodríguez Bouza, Pío
Rodríguez Brage, José M^a
Rodríguez Carro, Enrique
Rodríguez Casais, Antonio
Rodríguez Díaz, Francisco
Rodríguez Gilabert, Paulino

Rodríguez Meizoso, Francisco
Rodríguez Méndez, Manuel
Rodríguez Morelló, Pedro
Rodríguez N., Francisco
Rodríguez Novás, Luis
Rodríguez Portela, Jesús
Rodríguez Rey, Guillermo
Rodríguez Rodríguez, Ángel
Rodríguez Rodríguez, Rodrigo
Rodríguez Sánchez, José
Rodríguez Yáñez, Adolfo
Roiz Palacios, Jesús
Rojo Morán, Argemino
Romalde Prieto, Juan
Romay Betanzos, José
Romero Candamio, Armando
Romero Rodríguez, José
Romero Rodríguez, Rodrigo
Romero Rúa, Mercedes
Rovira Rivas, Nicolás
Roza Ramos, Oscar F.
Salcedo Molinuevo, Enrique
Salgado López, Eugenio
Salgado Saavedra, Daniel
Sánchez Ferragut, Juan S.
Sánchez Fraga, Eduardo
Sánchez Mendezona, Luis
Sánchez Moreira, José Antonio
Sánchez Mosquera, Salvador
Sánchez Pinzón, Luis
Sánchez Piñeiroa, J. Ramón
Sánchez Rivero, Cayetano
Sánchez Rubiños, Manuel
Sande López, Manuel
Sanjurjo Gómez, Eduardo
Santamaría Mendiola, Pablo
Sanz Serantes, Ángel

Sardiña Navarro, Celestino
Sardiña Navarro, Ramón
Sardiña Prieto, Juan
Sarriugarte Goicoechea, Fidel
Sas Alonso, Felipe
Sas Barros, Julio
Seco Franco, Joaquín
Sendón Seoane, José
Senra Martínez, Modesto
Seoane Golpe, Pedro
Seoane Teijeiro, Gonzalo
Sequeiro Alonso, José
Serantes Canosa, Manuel
Serantes Iglesias, Manuel
Serantes Pérez, Nicolás
Serantes Rodríguez, Laureano
Serantes Romero, Juan
Silvestre Vila, José M^a
Sixto Montero, Juan
Souto Corral, Benito
Souto González, Ramón
Souto Varela, Manuel J.
Suárez Fernández, Andrés
Suárez González, Arturo
Suárez Villar, Manuel
Sueiras Brage, Daniel
Sueiras Rodríguez, Ramón
Teijeiro Casal, Baltasar
Teijeiro Williman, Manuel
Tejedor Torio, Felipe
Tenreiro Pérez, Manuel
Tenreiro Prim, Jesús
Tenreiro Salgado, José
Timiraos, José Antonio
Torrente Patiño, Ernesto
Torres Rodríguez, Antonio
Trasmonte Díaz, Manuel

Umbón Rodríguez, Blas
Uriarte Echandia, Leandro
Usero Torrente, Matías
Varela Corral, Daniel
Varela González, Manuel
Varela Salido, José María
Varela Varela, Manuel
Vázquez Gómez, Enrique
Vázquez López, Fernando
Vázquez Montero, José
Vázquez Rodríguez, Manuel
Vázquez Salido, Ramiro
Vázquez Suárez, María
Vázquez Varela, Jesús
Vázquez Ventureira, Fernando
Veiga Hermida, Manuel
Veiga Ríos, Antonio
Veiga Vázquez, Manuel
Vera Rodríguez, Pedro A.
Vérez Rodríguez, Manuel
Vergara López, José
Vez Vales, José León
Vez Vales, Salvador
Vidal Romero, Juan
Vidal Urrutia, José
Vidal Vargas, Gonzalo
Vidal Vazquez, Rodrigo
Vila Fragueta, Bernardino
Vilar Díaz, Rodrigo
Vilar Guerreiro, Manuel
Villalba Villarnovo, Eduardo
Villares Romero, Eugenio
Yáñez Pérez, Reyes
Yáñez Quiza, José
Yáñez Rey, Manuel
Zabala Arrizubieta, Pedro
Zorrilla Zabala, Carmelo

Zorroza Gezuraga, Teófilo.

1937:

Almenar López, Maximino
Alonso Roibal, José
Aneiros Permy, José
Ansín Besada, Cándido
Aranaga Santurtún, Ángel
Arriví Arriví, Manuel
Asenjo García, Jesús
Ayala Victoria, Federico
Barreiro Lodeiro, Jesús
Bilbao Andraca, Santiago
Birlanga Roses, Juan
Bruey Sánchez, Higinio
Cabieces Ibrain, Manuel
Cabrero, Aurelio
Callealta Gutiérrez, Enrique
Calvo Gundín, Cipriano
Campos Sueiras, Pedro
Casanova Varela, Rafael
Castaño Galdo, Jesús
Castrillo Pardo, Julio
Castro Amado, Francisco
Cervo Maseda, Germán
Clement Heras, Francisco
Cortina Barbou, Benjamín
Cortizas López, Eladio
De Cal Fernández, Alfonso
Del Valle Sabina, Jaime
Delgado Breijo, Francisco
Eiras González, Julio
Eiroa Mosquera, José R.
Fernández Caruncho, Manuel
Fernández Fernández, Jesús M^a
Fernández Garaño, Nemesio
Fernández García, Valentín M.

Ant.

Fernández Gómez, Manuel
Fernández López, Francisco
Fernández Saavedra, J. Tomás
Fernández Vilela, Estanislao
Franco Santana, Alejandro
Fuentes Babío, José Vicente
Galán Giménez, José
Galego Mera, Ignacio
Gallo Pérez, José Carlos
Gancedo Martínez, Victor A.
García Castro, Andrés
García Figueroa, José
García Quiros, Nicasio
Galchenko, Alexander
Gómez Rodríguez, Luis
Gómez Santos, Esteban
Gómez Suárez, Manuel
Gutiérrez Noriega, Eloy
Gutko, Jorge
Hartman, G.
Hermida Toimil, Manuel
Hermo Insua, José María
Higareda Castañeda, José
Jay Golden, Martin
Kovtechev, Izvetan
Lamas González, Ernesto
Llorens Caballero, Eugenio
López Ardao, Francisco
López González, Cándido
López Pantín, Gonzalo
Manso Fernández, Manuel
Antonio
Martínez Barja, Casiano
Martínez Montemuño, Luis
Mayo Polo, Tomás
Meilán Castro, Juan

Mirás Varela, Antonio
Moreda Feal, Joaquín
Muñíos Ramos, Santiago
Muñoz Otero, Manuel
Niebla Díaz, Francisco
Nodar Castro, Luis
Ortiz Donaire, Miguel
Otero Pesado, José
Panete Couce, Francisco
Pardo Villar, José
Pena Ares, Miguel
Pérez Baccaria, Agustín
Pérez Blanco, Vicente
Pérez Carballa, Luis
Pérez Lourido, Ricardo
Pérez Pérez, Pedro
Peris Navarro, Evaristo
Prieto Ramos, Vicencio
Quintana Orive, Francisco
Rivera Vieiros, José
Rodríguez Bretos, José
Rodríguez Galdós, Celestino
Rodríguez Rodríguez, Eduardo
Rodríguez Rodríguez, Joaquín
Romagnoli, Giovanni Battista
Romero Castro, Ramón
Romero Souto, Antonio
San Emeterio De La Torre, Cecilio
San Vicente Ibarrondo, Castor
Sánchez Garrido, Isidro
Sánchez López, Vicente
Sanjuán Bañobre, Manuel
Sanmartín García, Eugenio
Santa María Ruiz, Serafín
Sebastiá Cumba, José
Seijas, Ricardo
Seoane Vargas, Emilio

Solorzano Gómez, Ricardo
Suárez Caruncho, Constantino
Sueiro García, Fernando
Tenreiro López, José
Urdiáin Irujulegui, Tomás
Vega León, César
Veiga García, Vicente
Ventosinos Pereira, Manuel
Verdeal Maseda, Jesús
Vilarelle Breijjo, Baldomero
Vilarelle Pousada, Doroteo
Yáñez Santana, Juan
Zabala Ceballos, Manuel.

1938:

Abrodes Linares, José
Acevedo Parente, Francisco
Blanco Barros, José María
Blanco Muñiz, Antonio
Blanco Pérez, José Alfredo
Braña Rodríguez, Andrés
Cana Lucena, Ricardo
Caridad Castro, Manuel
Cebral Sueiras, Ramón
Corbeira Abeledo, Daniel
Cores Arévano, Andrés
Cotter Mauriz, Luis
Cuervo Álvarez, Joaquín
Del Río Polo, Modesto
Dobarro Regueira, Pedro
Eitor Canizo, Antonio
Fernández Cadavieco, Gonzalo
Fernández Díaz, Luis
Fuentes Loureiro, Ramón
García Rodríguez, Amada
González Díaz, J. Nicasio
González Pérez, Jaime

Incera Espinosa, Isidro
Jara Carrillo, Francisco
Julias Torres, Alejandro
Landeira Maneiros, Avelino
López García, Germán
López Rodríguez, Alfredo
López Teijeiro, José
Martínez Fernández, Jesús
Mateo Fernández, Lauro
Menéndez Blanco, Silvino
Menéndez González, Ángel
Miño Lourido, Jesús
Montero Martínez, José María
Orjales Bouza, Manuel
Pérez Fachal, Carlos
Pérez Senra, Nicasio
Porto Leis, Alejandro
Rodríguez López, Ramón
Rodríguez Maroño, Francisco
Roldós Gelpi, Ángel
Romero Buján, Vicente
Saavedra López, Antonio
Salido Seco, Manuel
Santos Díaz, Hipólito
Silva Fernández, José
Suárez Martínez, Jesús
Teijeiro Leira, Juan José
Varela Bouza, José
Veiga Mejuto, Agustín
Vigo Pita, Josefa.

1939:

Acosta Gómez, Juan
Alcántara Mejía, Antonio
Barreiro Rey, Manuel
Bastida Vázquez, Nicolás
Bernárdez Gómez, Damián

Bouza Pereira, Constantino
Espada Mairena, Lucas
Fernández Rodríguez, Corsino
Fernández Vázquez, José
Gil Loira, Gerardo
Giménez Rodríguez, Francisco
Gómez Prieto, Ramón
Gradaille Vilaboy, Enrique
Jimenez Basanta, Francisco
Lago Chao, José
López Iglesias, M. Antonio
Martínez Piñón, Benigno
Martínez Valiño, Emilio
Neira Fernández, Amandino
Paris Fornés, Baltasar
Pedreira Martínez, Ángel
Polo Paz, Narciso
Rey Díaz, José
Rivera Pastor, Antonio.
Sanchís Ferrer, Francisco I.
Tenreiro Mosquera, Manuel
Vilar Insua, Modesto.

1940:

Anido Castro, Vicente
Arozamena Ruiz, Antonio
Bargagoitia Hernández, José
Espada Penedo, Cipriano
Fernández Formoso, Ceferino
Lourido Cortizas, Rodrigo
Mandías Merino, Antonio
Martínez N., Ramiro
Martínez Rey, Ángel
Méndez López, Feliciano
Misas Gil, Emilio
Paz Romeu, Ramiro
Pérez Carballo, Celso

Prado Feijóo, Servando
Prieto Alvariño, Eduardo.
Puentes Antón, Álvaro
Ramos Vázquez, Francisco
Rey Vilar, Juan
Ruiz Peña, Enrique
Vico Belmonte, Francisco.

1941:

Casas Santalla, Víctor
Fernández Fernández, Aurelio
Ledo García, Enrique
López Carbón, Manuel
Oria García, Pedro
Sarria Delgado, Reinaldo
Victorero Menéndez, Ricardo.

1942:

Cuervo Cuervo, Eugenio
Freire Fernández, Modesto
Freire García, Manuel
Galdo Pico, José
Gómez Oreña, Segundo
Gutiérrez González, José María
López Chas, José
Martínez Díez, Víctor Luis
Martínez Rodríguez, Ramiro
Menéndez Noval, Ramón
Pereira Carballo, Ortelindo
Silva Mier, Antonio.

1943:

Vilar Pazos, Juan.

1944:

Caneiro Aneiros, José Antonio.

1945:

Bello Penedo, Juan.

1946:

Eibe Vilar, Manuel
Carbón Fornos, Ramiro
Fraga Couceiro, Ramón
González Díaz, Luis.

1947:

Barcia Martínez, Francisco
Barros Hermida, Justo
Dopico Fernández, Gregorio
Freijomil Fernández, Antonio
López Marcos, Constantino
Martínez Porto, Andrés
Medín Trillo, Emilio Carlos.
Meizoso Calvo, José María
Puentes Couto, Juan
Rico Rodeiro, Pedro
Rodríguez Pereira, Nicolás
Vilaboy Martínez, Segundo
Vizoso Souto, Jaime.

1948:

Campos López, Jesús M^a
Durán Soto, José
Escourido Cobo, Benedicto
Fornos Carballo, Luciano
Franco Lamela, Teodoro
Lago Díaz, Jesús
Lamigueiro Luaces, Vicente
López Bouza, Jesús
López Leira, Marcelino
Paz Teijeiro, Benito.
Pedreira De La Iglesia, José
Piñeiro Veiga, Manuel

Pita García, Gerardo
Prieto Fraga, José
Rodriguez Piñeiro, Ramón
Rueda Perosanz, Eugenio
Soto Carregado, Teodoro
Tojeiro González, José
Vilasuso Ramos, Daniel M^a.

1949:

Allegue Allegue, Adolfo
Alonso Carral, Rogelio
Ameneiro Couto, Marcial
Ardao Permuy, Domingo
Bouza Martínez, Manuel
Campos Nuñez, Antonio
Castro Martínez, Perfecto
Chao Rouco, José
Clavero De La Iglesia, Manuel
Escourido Cobo, Josefa
Felpeto Gómez, José
Freire Barcia, Juan
Fuentes Justo, José
Gabeiras Pico, José
Gallego Abeledo, Juan
Gómez Pérez, Leonardo
González Pernas, Celia
Iglesias Varela, Florentino
López Arias, Antonio
Loureda Silvar, Francisco
Martínez Ferro, Antonio
Pérez Dopico, Juan
Pita Painceira, José Antonio
Ramuñán Barreiro, José
Temblás Paz, José
Vilariño Fernández, José.

1950:

Díaz García, José
Díaz Pan, José María
Formoso Rodríguez, Francisco.
Montes Franco, J. Ernesto
Seijo Naveiras, José.

1951:

Allegue Caruncho, Carlos
Allegue Iglesias, Carlos
Bastida Franco, Manuel
Castro López, Antonio
Corral Merlán, Juan.
Freire Barcia, José
Gabeiras Gabeira, Juan Jesús
Sancho Riera, José
Veiga Mejuto, Antonio.

1954:

Díaz Corral, Rudesindo
Martínez Leira, Francisco.

1972:

Niebla García, Daniel
Rey Rodríguez, Amador.

1975:

Reboiras Noia, José Ramón.

N.d.:

Fernández Formoso, José
Fernández López, Miguel
Gómez Varela, Manuel
González Martínez, Juan
Neira Fernández, José
Vázquez Mauriz, José.

HOMENAXE AOS ASASINADOS POLO FRANQUISMO EN FERROLTERRA COMISIÓN PRO MEMORIAL

FERROL, VENRES 28 DE ABRIL 2023, AS 19'00 horas

PROGRAMA

- 1.-** Proxección: Fotos dos asasinados montaxe do documentalista Carlos A. Quirñs.
- 2.-** Presentación do acto pola xornalista Verónica Vázquez Cabeza
- 3.-** Interpretación dunha peza de gaita e acordeón polo dúo Bernardo-Irati
- 4.-** Saúdo do alcalde de Ferrol Ángel Mato Escalona
- 5.-** Intervención de Ton Blanco, membro da Comisión Pro Memorial
- 6.-** Intervencións de Iván Rivas e Suso Basterrechea. Membros da Comisión Pro Memorial.
- 7.-** Peza Musical interpretada polas pianistas, Alexandra Pita Evia e Lidia Espido.
- 8.-** Proxección: "Case un milleiro de nomes", do documentalista Carlos A. Quirós
- 9.-** Intervención dos historiadores e membros da nosa Comisión, Xosé Manuel Suárez e Bernardo Maiz
- 10.-** Peza Musical interpretada por María Manuela e Manolo Bacalhau.
- 11.-** Intervencións de Amada Toimil Rey, Francisco Cruz Usero e Libertad Barcia familiares dos asasinados polo franquismo.
- 12.-** Agradecementos da Comisión Pro Memorial
- 13.-** Interpretación do Himno Galego guiado polo dúo Bernardo-Irati



Jose Lopez Ardoz (center) e os seus irmáns Baltasar

El Lopez Loureiro, alcalde Socialista de Ar

EN LEMBRANZA DAS PERSOAS QUE POLA SÚA DEFENSA DA LEGALIDADE REPUBLICANA E DAS LIBERDADES DEMOCRÁTICAS FORON VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA EN FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL. 1936 -1975.

Subvencionado por Vicente Couce Ferreira, "in memoriam"